



## **A presidenta do Parlamento traslada a súa condolencia á familia de José Antonio Orza**

**Santiago, 29 de outubro de 2012.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, trasladou esta mañá a súa condolencia á familia do ex-conselleiro de Economía e Facenda da Xunta e conselleiro do Consello de Contas de Galicia, José Antonio Orza Fernández, falecido hoxe.

En opinión de Pilar Rojo, con José Antonio Orza desaparece unha boa parte da memoria económica e financeira de Galicia, á que serviu con lealdade e entrega absoluta desde os diferentes cometidos que lle tocou desempeñar ao longo da súa dilatada traxectoria profesional.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia